
PREGUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DE COMPOSTELA ABERTA SOBRE ESTACIONAMENTO COLEXIATA

O estado de abandono do estacionamento situado no agro da Colexiata de Sar está nunha situación de total abandono tal e como se pode observar nas fotos enviadas pola veciñanza do barrio ao grupo municipal de Compostela Aberta.

As fochancas existentes para acceder a unha das zonas son tan profundos que os coches rozan os baixos para entrar e en todos os pasos para vehículos formáronse lameiras que dificultan moito os acesos. O estado de abandono e tal que ata apraceron coches sobre caixas de refrescos e sen rodas o que, unido ao evidente desleixo municipal sobre este espazo, transmite unha sensación de inseguridade á veciñanza

Tendo en conta todo o anterior, e a necesidade de realizar algunha actuación urxente, o Grupo Municipal de Compostela Aberta presenta para a súa resposta **ORAL** a seguinte **PREGUNTA**:

- **Que medidas inmediatas e de emerxencia ten previsto o goberno local para acondicionar e mellorar a situación do agro da Colexiata de Sar?**

Santiago de Compostela, 22 de Novembro de 2022

Xan Duro Fernández
Concelleiro do grupo municipal de Compostela Aberta







